



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación definitiva da modificación nº3 da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Pontedeume

ANUNCIO

Aprobación definitiva da “Modificación nº3 da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Pontedeume”.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2025, adoptou o acordo de aprobación inicial da “Modificación nº3 da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Pontedeume”. O dito expediente foi sometido a información pública na Secretaría do Concello, polo prazo de vinte días, logo da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 34 de 19 de febreiro de 2025.

Unha vez transcorrido o prazo de información pública sen que se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións polas persoas interesadas, en aplicación do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, por medio da publicación do anuncio no BOP núm. 61 do 31 de marzo de 2025, elévase automaticamente a definitivo o antedito acordo de aprobación da “Modificación nº 3 da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Pontedeume”.

Visto o acordo adoptado e a elevación a definitiva, publícase para xeral coñecemento o obxecto da modificación:

Modificación nº 3 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co contido do documento de modificación de relación de postos de traballo que determina a fundamentación, organigrama, postos de traballo a crear e amortizar e valoración dos mesmos:

POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR

- 05.00.00.01.01 Encargado/a de Obras e Servizos Amortización dese posto de traballo vacante na área de Obras e Servizos.

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN

- 04.00.00.02.11 Auxiliar Policía Local Creación deste posto de traballo, laboral fixo discontinuo 4 meses e, excepcionalmente, 6 meses anuais, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Policía Local.
- 07.00.00.03.06 AEDL Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Formación, emprego e desenvolvemento local.
- 08.00.00.03.04 Animador/a deportivo/a Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Deportes.
- 09.00.00.03.04 Animador/a cultural Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Cultura e Turismo.
- Creación dun novo servizo de Persoal na área Económico Financeira no que se inclúe o Xefe/a de Xestión de Persoal e Recadación, o Auxiliar Administrativo/a 02.00.00.03.07 e o Administrativo/a 07.00.00.03.02.

POSTOS DE TRABALLO QUE SE MODIFICAN

- 07.00.00.03.02 Administrativo/a Traslado deste posto da área de Formación, Emprego e Desenvolvemento local á área Económico Financeira, no servizo de Persoal por razóns organizativas do Concello conservando o seu código.

Resultando o **organigrama** final da RPT do concello de Pontedeume o que se recolle expresamente como **ANEXO**

